



PROPOSTA

BASES ESPECÍFICAS. CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2026.

Bases específicas, que rexen a convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural no ano 2026, que están suxeitas á Ordenanza reguladora de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ribeira, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 100 de data 29 de maio de 2018 (aprobada en Pleno da Corporación, en sesión de data 26 de marzo de 2018), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2026, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar a actividade cultural das entidades sen ánimo de lucro existentes no Concello de Ribeira, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência competitiva e publicidade.

1.1.- Obxectivos

O Concello de Ribeira, a través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ribeira, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se desenvolvan, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- A participación activa dos veciños nunha actividade –a cultura– de claro interese público, como medio de promover a formación dos máis novos, e de propiciar o xurdimento de oportunidade de convivencia entre os veciños.

2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

Destinatarios

Entidades e asociacións de carácter cultural sen ánimo de lucro radicadas no Concello de Ribeira que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, cumpran cos requisitos do apartado 2 da Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro.

3.- FINALIDADE

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada: organización de actividades ou proxectos de promoción e difusión cultural e artística que se realicen ao longo do ano 2026 (1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026).

Os proxectos ou actividades a subvencionar serán aqueles que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderá xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

4.- EXCLUSIÓNS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

- As viaxes educativas e actividades extraescolares organizadas polos centros educativos e asociacións de nais e pais.
- As actividades organizadas polas asociacións de maiores e as asociacións de persoas con diversidade funcional destinadas aos seus integrantes.

5.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 18.000€, con cargo á partida 334 48011 do Orzamento.

6.- CUANTÍA E ABONO DA SUBVENCIÓN.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.



FIRMANTE - FECHA



Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 2.000€ establecendo o importe mínimo da achega concedida por entidade en 300€.

A subvención que no seu caso se conceda será ingresada a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

7.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación a aportar, remítese ao establecido no apartado 4 das bases xerais así como ao previsto no apartado 3 do artigo 23.2 da Lei Xeral de Subvencións.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

8.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Corresponde á Concellería de Cultura a instrución do procedemento. No seo desta será constituída unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Cultura ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de cultura, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía será designado:

- O/a traballador/a municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades a realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 25 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 20 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiamento	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 4.000 €	20
21-50	2.5	11-20	20	Entre 2.500 e 4.000 €	15
51-80	5	21-30	15	Entre 1.500 e 2.499 €	10
81-110	7.5	31-40	10	Entre 600 e 1.499 €	5
111-140	10	41-50	5	Menos de 600 €	0
141-180	12.5				
181-220	15				
221-260	17.5				
261-300	20				
301-350	22.5				
Máis de 350	25				

Resolución do procedemento

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía efectuada en virtude do decreto de 14-07-2023. A resolución da concesión ditarase no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución das axudas en base ao informe emitido polo persoal da comisión avaliadora e a proposta da Concelleira de Cultura, e publicará unha lista cos solicitantes e a resolución no Taboleiro de anuncios da páxina web do concello.

Contra a resolución adoptada na execución da presente convocatoria poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.





C O N C E L L O
D E
R I B E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

9.- XUSTIFICACIÓN.

Xustificación.

O prazo de xustificación será dun mes dende a data de notificación da concesión da subvención, agás que se solicitase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 30 de abril de 2027, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

CSV: 07EA001D01AE00Z1L9S7J1U6P9



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07EA001D01AE00Z1L9S7J1U6P9
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANA ISABEL BARREIRO REGO-Concelleira delegada de Cultura, Turismo e Igualdade - 21/09/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y
FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 21/09/2026 11:37:16

EXPEDIENTE ::
2026CONV000024

Fecha: 21/09/2026

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

